



Memoria xustificativa do Convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Outes para a reforma e mellora da estación depuradora de augas residuais de Outes. Concello de Outes (A Coruña)

1 A entidade pública empresarial Augas de Galicia é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Entre estas competencias se atopan, con carácter xeral, e de acordo co establecido na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, a ordenación administrativa e a planificación das obras hidráulicas non declaradas de interese xeral (artigo 4.1 a)) e, de xeito concreto, no ámbito do saneamento e a depuración, correspóndelle a ordenación dos servizos de saneamento en alta (artigo 11.5 a)) e a elaboración dos criterios de coordinación das actuacións das entidades locais (artigo 11.5 b) e 26.2d)), entre outras.

2 O tamaño da aglomeración urbana de Outes supera en máis dun 20% a capacidade da estación depuradora, polo que se atopa en risco de incumprimento da Directiva 91/271/CEE, sobre o tratamento das augas residuais urbanas.

No último cuestionario remitido á Comisión Europea relativo ao cumprimento da Directiva 91/271/CEE, incluíuse no Programa de Medidas propostas para mellorar o tratamento das augas residuais urbanas e cumprir co estipulado na citada Directiva, unha actuación para mellorar e reformar a estación depuradora de augas residuais de Outes.

As actuacións de mellora e reforma na estación depuradora de augas residuais de Outes pretenden que as augas tratadas teñan unha mellor calidade no seu vertido ao medio receptor, que se reduzan os costes de explotación e melloren as condicións de seguridade e saúde no traballo.

3 Para os efectos sinalados, tense previsto formalizar co Concello de Outes un convenio de colaboración que terá efectos dende o día seguinte ao da súa sinatura, sendo de aplicación aos gastos realizados dende o 1.1.2021, e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2022. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas no convenio.

4 O convenio ten por obxecto establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o concello que permitan acometer por este e incorporar ao patrimonio público municipal as obras necesarias para reparar a estación depuradora de augas residuais de Outes, a súa explotación e a súa conservación e mantemento.

5 O custo da actuación contemplada no convenio financiaranse parcialmente por Augas de Galicia, ata unha cantidade máxima de cento oito mil trescentos setenta e oito euros con oitenta e seis céntimos (108.378,86 €) con cargo á conta 6566 “Subvencións de capital a corporacións locais” do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia, coa seguinte distribución de anualidades:

2021: 86.703,09 €

2022: 21.675,77 €

6 O instrumento convencional que se pretende asinar fundaméntase en que a actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do saneamento ten por finalidade contribuir á execución do bo estado ecolóxico das augas e dos ecosistemas asociados mediante o cumprimento dos obxectivos establecidos na lexislación aplicable, fomentándose a reutilización das augas depuradas cando isto sexa viable.





Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de saneamento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia.

A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).

O artigo 57 da Lei de bases do réxime local, e o artigo 194 da Lei da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei. Asemade, en consideración a razóns de interese xeral e dadas as circunstancias concorrentes, xustifícase plenamente a adxudicación directa da axuda prevista no convenio. Todo o que se fai constar para os efectos do previsto nos artigos 19.4 c) e 26.2 a) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, reguladora das subvencións de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(documento asinado dixitalmente)

